

## ORZAMENTO DO CONCELLO EXERCICIO 2020

### NIVEL DE ENDEBEDAMENTO

Manuel Ruiz Rivas, Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, en cumprimento do que determina o artigo 166.1.d) do RDL 2/2004, de 9 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o 18.1.e) do RD 500/90, de 20 de abril, emite o presente estado de previsión de movementos e situación da débeda, no que se pretende expoñer o detalle das operacións de crédito pendentes de reembolso ó principio do exercicio, do volume de endebedamento, así como das amortizacións que se prevén realizar, posto que neste exercicio 2020 non se vai realizar operación de endebedamento bancario.

De acordo co anterior, é preciso facer unha análise sobre o nivel actual de endebedamento e a súa evolución, tendo en conta que no exercicio 2020 non se acudirá ao financiamento mediante crédito bancario, a través das ratios previstas pola regulación vixente.<sup>1</sup>

#### 1. Volume de Débeda Viva.

O total da débeda viva ascende a 8.418.279,84 €, tal e como se detalla no Estado da Débeda, diferenciándose o capital inicial e actual de cada préstamo, así como os anos de vixencia, e o total de gasto por intereses e amortización que se espera se vaia a xerar no exercicio 2020.

#### 2. Ratio do Aforro Neto (debe ser positivo).

Utilízanse os datos da liquidación do exercicio 2019 por ser esta a última aprobada.

AFORRO MUNICIPAL		
(+)	RECURSOS CORRENTES LIQUIDADOS 2019 (CAPÍTULOS I, II, III, IV e V).	20.329.283,57 euros
(-)	GASTOS RECOÑECIDOS 2019 (CAPÍTULO I, II, e IV).	17.030.535,58 euros
	<b>AFORRO BRUTO</b>	<b>3.298.747,99 euros</b>
(-)	ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN E INTERESES DO CAPITAL VIVO (incluída a op. consolidada)	1.513.911,89 euros
	<b>AFORRO NETO</b>	<b>1.784.736,10 euros</b>

#### 3. Porcentaxe de endebedamento sobre os recursos por operacións correntes (non debe ser

<sup>1</sup> Art 53 do TRLRFL



superior ó 110 por cen).

<b>**PORCENTAXE DE ENDEBEDAMENTO a 01/01/2020</b>	
CV	8.418.279,84 euros
ILC	20.329.283,57 euros
<b>EL = (CV / ILC)*100</b>	<b>41,41 %</b>

Sendo:

- **EL:** Endebedamento Local
- **CV:** Volume total de Capital vivo das operacións vixentes a corto e longo prazo, incluídas as operacións consolidadas, a 01/01/2020.
- **ILC:** Ingresos correntes liquidados polos capítulos un a cinco do orzamento anterior (a cantidade obtense da liquidación do exercicio 2019).

A continuación, relaciónase como anexos ó presente Estado a evolución da carga financeira para os vindeiros catro anos; asemade preséntanse os cadros de amortización dos préstamos vixentes e proxectados.

En Ribeira, a data da sinatura dixital.

**O ALCALDE**

**Asdo.- Manuel Ruiz Rivas.**

